

Expediente IET: P-21-062
Proxecto: Parque eólico Ventumelo
Concellos: Pobra de Trives e San Xoán de Río (Ourense),
Ribas de Sil (Lugo)
Promotor: Wind Hero, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 06/10/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Ventumelo.

1. Antecedentes:

Con data do 11/03/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Ventumelo, de 50 MW, composto por 12 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e medida, e dúas torres meteorolóxicas). Dez máquinas terán 4,2 MW de potencia nominal e outros dous serán de 4 MW, unha altura de buxa de 105 metros e 150 metros de diámetro de rotor. A altura das torres meteorolóxicas é de 105 metros. O centro de seccionamento e

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



medida do parque localízase dentro do aeroxerador V150-05, e dende este lugar sairá unha liña soterrada que conecta cunha arqueta fin de parque de medidas 2 x 2 metros. Esta arqueta conectarase, tamén mediante unha liña soterrada, coa subestación colectora Treboada que non forma parte do presente proxecto.

O proxecto presenta algunhas modificacións respecto ao informado o 11/03/2020, sendo a máis relevante o desprazamento do aeroxerador V150-12 uns 180 metros cara ao noroeste.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo D).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Serras Surorientais e Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, nas comarcas paisaxísticas Terra de Trives e Valdeorras, respectivamente.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo. As máis próximas son a AEIP-02-01 Val do Río Navea a uns 1,7 km ao sur, a AEIP-05-14 Montefurado, a uns 3,4 km ao leste, a AEIP-05-07 Paradaseca-Val do Río Soldón, a uns 5 km ao nordés, e a AEIP-02-02 As Ermidas-Val do Bibei a uns 5,4 km ao sur. Máis lonxe sitúanse a AEIP-02-03 Río Cabalar, a uns 7 km ao sur e a AEIP-05-03 Ribeira Sacra a uns 7,8 km ao noroeste.

En relación aos miradoiros, os máis próximos son os de Monte Furado, situado a uns 3,5 km ao leste, e o de Pena Folenche, a uns 3,7 km ao sur. Ademais, nun radio de 10 km localízanse os miradoiros de Castro de Ares a 6,5 km ao norte, o Mirador da estrada de Roblido a 8 km ao leste, o Miradoiro de Anagaza a 9,2 km ao sur, o Mirador de Pena do Xábrego a 9,3 km ao oeste, e o miradoiro de A Capela a 9,5 km ao norte.

Respecto a outros elementos recollidos no Catálogo, o Camiño de Santiago (Camiño de Inverno) localízase a uns 3,5 km ao leste dos aeroxeradores situados no cumio da Serra das Cabanas.

As infraestruturas do parque eólico dispóñense en tres aliñacións nos cumios e ladeiras das serras que se elevan ao oeste do río Sil e que pechan o val polo que discorre o río das Cabanas ata a súa confluencia co río Navea. Trátase dunha paisaxe de montes de cumios redondeados labrados por numerosos regatos que na vertente leste, cara ao Sil, descenden dende a Serra das Cabanas encaixándose nas ladeiras conformando una sucesión de vales dispostos en paralelo e separados por relevos alombados. As coberturas dominantes nas serras son as de matogueiras e rochedo, destacando sobre o terreo afloramentos de cuarcitas formando cristas alongadas, e os cultivos forestais de repoboación. A vexetación arbórea autóctona aparece tapizando as cabeceiras e ribeiras dos cursos fluviais, así como nas lindes das parcelas que conforman o mosaico agrario. Nesta contorna existen numerosas pistas abertas, utilizadas como devasas ou para o acceso ás zonas de aproveitamento forestal. Os núcleos rurais son de pequeno tamaño e atópanse diseminados pola contorna ocupando espazos a media ladeira e en zonas de val, a carón das estradas que vertebran o territorio. As principais vías de comunicación no ámbito do parque eólico son a estrada nacional N-120, as autonómicas LU-933 e OU-536, ademais das provinciais OU-0705, LU-P-5301, LU-P-5302 e LU-P-5304.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, descríbense as características principais do proxecto, analízase a calidade e fragilidade visual do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores tendo en conta os miradoiros, as áreas de especial interese paisaxístico máis próximas, os lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), as rutas de sendeirismo e o Camiño de Santiago, e os núcleos de poboación e as vías de comunicación, realízase unha





análise da visibilidade do proxecto apoiándose en fotografías e infografías, analízanse os impactos incluíndo un estudo de sinerxías xunto con outros parques eólicos próximos, e se indican unha serie de medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto. Así mesmo, incorpórase un epígrafe coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.

As medidas de integración paisaxística contidas no EIIP son en xeral axeitadas pero á vez xenéricas. Non se mencionan as medidas de integración na fase de deseño, pero estas poderíanse relacionar co apartado 8 do EsIA no que se fai unha análise das alternativas do proxecto, atendendo nun dos seus epígrafes (8.2.2) ás indicación feitas no informe anterior do IET de data 11/03/2020, en relación á afección sobre os afloramentos rochosos na posición do aeroxerador V150-12.

Os principais impactos do proxecto virán derivados da incidencia visual acumulada pola sinerxía con outros parques eólicos existentes ou proxectados na contorna, con afección visual sobre os núcleos rurais, as AEIP máis próximas, sobre miradoiros, o Camiño de Santiago e sobre as vías de comunicación no ámbito do parque eólico.

6. Conclusión:

O proxecto vai a provocar un efecto sobre a paisaxe característico das instalacións eólicas, con impactos visuais a curtas e longas distancias debido á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e as torres meteorolóxicas, nunha posición dominante no relevo. Tales impactos veranse incrementados polo efecto sinérxico con outros parques en funcionamento ou en tramitación na contorna.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Con todo deberán terse en conta as seguintes consideracións:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal

